

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

C-. VIVEIRO MUNICIPAL DE EMPRESAS

O Viveiro de Empresas é unha estrutura de acollida temporal pensada para ubicar as empresas nos seus primeiros pasos no mercado, acompañalas e prestarlles determinados servizos adaptados as necesidades de cada proxecto empresarial, co fin de que, mediante unha xestión sen ánimo de lucro, se facilite o desenvolvemento xerminal de iniciativas de interés para o Concello do Porriño.

Para acceder a este servizo os proxectos terán que ser promovidos por emprendedores que cumpran unha serie de requisitos adicionais que se establecerán na normativa de aplicación.



Hai que ter en conta que os viveiros de empresas configúranse como contornos nos que existe unha gran concentración de empresas innovadoras, onde a transferencia de coñecementos e experiencias actúa como motor de crecemento, impulsando a innovación e a mellora continua.

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

VIVEIROS MUNICIPAIS DE EMPRESAS	
OBXECTIVOS	Fomentar o autoemprego, facilitándolles ós novos emprendedores o espazo necesario, deseñado, equipado e adaptado ás necesidades da súa empresa.
CARACTERÍSTICAS XERAIS	Ademais de facilitar as instalacións necesarias (oficinas, almacéns, sala de reunións, etc.), adecuadamente equipadas para o desenvolvemento da súa actividade, os viveiros municipais están dotados duns servizos que garanten o funcionamento operativo das empresas (novas tecnoloxías, limpeza, vixilancia, conserxería e secretaría), así como doutros destinados ó asesoramento e á súa titorización.
DESTINATARIOS	Podrán optar os servizos do Viveiro de Empresas aqueles proxectos de creación de negocio, con proxecto empresarial viable, ou empresas existentes sempre que a data de alta na seguridade social dos seus fundadores tivese lugar nun prazo inferior a un ano antes data de ocupación.
FORMA DE ACCESO	Valorarase a situación socioeconómica dos candidatos segundo o que establezan as correspondentes bases que deberá aprobar o órgano competente.

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

EQUIPO	Concellaría de Empleo.
PREVISIÓN ANUAL	7 espazos que poden ser ampliados en función da súa demanda.
FINANCIAMENTO	Concello do Porriño

